

[24/11/2022]

## Ábrese o prazo para presentar as solicitudes dos bonos dixitais

Logo da publicación no [DOG Num. 23 do 23 de novembro de 2022](#) das entidades-operadores colaboradoras da Comunidade Autónoma de Galicia para a xestión dos bonos dixitais para a conectividade de colectivos vulnerables ábrese o prazo de presentación de solicitudes para a cidadanía, código de procedemento **AP400A**.

As persoas que soliciten os bonos deberán levar a cabo a contratación ou mellora dun servizo fixo de banda larga, cunha velocidade mínima de 30Mbps, a través dunha destas entidades colaboradoras.

ENTIDADE COLABORADORA	NIF
ITEGAL SERVICIOS TIC, S.L.	B27405125
ATUAXANELA, S.L.	B01885383
R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.	A15474281
TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U	A82018474
VODAFONE ESPAÑA, S.A.U.	A80907397

Cumprindo co artigo 14.2 do [Real Decreto 989/2021, de 16 de novembro](#), o **Restro de Operadores actualizado** pódese consultar en <https://amtega.xunta.gal/rexistro-operadores-bono-social>

Lémbrase que poderán ser beneficiarias do bono dixital as persoas que xa sexan beneficiarias das prestacións públicas da renda de inclusión social de Galicia (RISGA) da Xunta de Galicia ou do ingreso mínimo vital (IMV) do Goberno de España.

Así mesmo, tamén poderá ser beneficiaria calquera outra persoa física maior de idade con ausencia ou déficit grave de recursos económicos ou que se atope en situación ou risco de exclusión social. No caso da exclusión social, verificarase a concorrencia adicional dalgún dos factores de exclusión establecidos no artigo 3 da [Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento](#).

Considerarase ausencia ou déficit grave de recursos económicos cando na unidade familiar o nivel de renda sexa igual ou inferior a:

- 1,25 veces o IPREM, se non existe unidade familiar ou non hai menores nesta.
- 1,75 veces o IPREM, se hai menores na unidade familiar.

Se ben as persoas interesadas poderán presentar as súas solicitudes a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) ou ben de xeito presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, **recoméndase a presentación telemática** a través dunha persoa autorizada, como pode ser o persoal dos servizos sociais comunitarios xa que dispón dun formulario habilitado expresamente ao efecto **na plataforma HSUE**: <https://hsue.xunta.gal>

Esta medida, a concesión de bonos dixitais para a conectividade de colectivos vulnerables (Programa UNICO – Bono Social), enmárcanse no investimento C15.I3 de «*Bonos dixitais para peme e colectivos vulnerables*» do Compoñente 15 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.